

NOME E APELIDOS: _____


(Nota: cada 3 preguntas mal contestadas restan 1 ben)

Test (7 puntos)


1. As etapas da vida das persoas son 4:
-
-
-
-
2. A puberdade é o período da vida na que o corpo...
A. sucede aproximadamente entre os 8 e 12 anos.
B. comeza a ter engurras.
C. vai tomando as formas das persoas adultas.
3. O líquido amniótico...
A. está presente durante a xestación.
B. está presente na fecundación.
C. está presente en ambos procesos.
4. O cigoto fórmase...
A. cando o óvulo foi fecundado.
B. no proceso de xestación.
C. ao final do proceso da fecundación.
5. A reprodución é vivípara porque...
A. se produce dentro do ventre da nai.
B. dáse en case todos os seres vivos.
C. ten como finalidade a creación dun ser vivo.
6. Os gametos son:
A. células reprodutoras.
B. o espermatozoide e a placenta.
C. Ambas son correctas.
7. A experiencia é unha cualidade propia...
A. da idade adulta e a vellez.
B. da adolescencia, idade adulta e vellez.
C. da vellez.
8. A adolescencia iníciase coa puberdade.
A. Verdadeiro.
B. Falso.
C. Depende de que sexas home ou muller.
9. A ovulación é a liberación dun óvulo...
A. ao útero.
B. durante o proceso de xestación.
C. á trompa de Falopio.
10. As funcións da placenta son...
A. Eliminar as sustancias de refugallo.
B. Regular a ovulación e a menstruación.
C. Proporcionar todos os nutrientes ao embrión.
D. As respostas A e C son correctas.
11. A fecundación prodúcese...
A. No abdome.
B. Nas trompas de Falopio.
C. No interior da vulva.
12. O ciclo menstrual...
A. Adoita durar mais ou menos 28 días.
B. Dura sempre 28 días.
C. É invariable.
D. As respostas B e C son correctas.
13. Falamos de xemelgos idénticos cando...
A. Cada embrión ten a súa placenta.
B. 2 óvulos son fecundados ao mesmo tempo.
C. Proceden do mesmo óvulo e espermatozoide.
14. Cando unha muller queda embarazada...
A. Segue producindo óvulos.
B. A menstruación dura menos.
C. Tampouco ten a menstruación.
15. Dependemos do coidado dos adultos.
A. Na adolescencia.
B. Na infancia.
C. Na idade adulta.
16. Ten unha duración aprox. de 40 semanas
A. A menstruación.
B. A xestación.
C. A fecundación.
17. Tamén recibe o nome de matriz...
A. O cordón umbilical.
B. O útero.
C. O embrión.
18. Caracterízase a idade adulta por...
A. O corpo alcanza os seus trazos definitivos.
B. O corpo ten un crecemento notable.
C. A e B son correctas.

> Completa os seguintes esquemas:

(1 ponto)



(1 ponto)



> Pon os nomes (1 ponto)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

